

Xoves, 15 de xuño de 2006

A Piña, Toba e Malpica honran a San Adrián e en Baíñas acaba o Corpus

Algunhas das festas máis tradicionais da Costa da Morte celébranse hoxe, a maioría dedicadas a San Adrián . Unha delas, na Piña-Sofán (Carballo), con misas das 8.00 ás 13.00 (solemne, cunha coral) e de 18.00 a 21.00. Actúa o grupo Trevo. Nos actos relixiosos non haberá ofrenda de aves, pero si participarán outros animais.

Na parroquia de Toba , en Cee (tamén sen aves, por indicación arzobispal), haberá alboradas desde primeiras horas coa Charanga Vendaval de Fisterra e as gaitas da Beira do Monte de Rutis, de Culleredo. As misas comezarán ás 8.00 e seguirán ata as 12.30. Actuará a Banda de Música de Cee, e sesión vermú co grupo Fania, que pola noite estará acompañado de Philadelphia. O sábado, Montes e Alkar.

En Malpica , hoxe actúa Cinema e Degolo, pola noite e no porto. Mañá estarán Eivissa e Chaston e, o domingo, o día grande, cunha multitudinaria procesión, Salsa Rosa.

Doutra banda, hoxe acaban as festas en honra do Corpus na parroquia vimiancesa de Baíñas , coas actuacións das orquestras Master e Limón. Ademais, pola mañá haberá pasacalles cun grupo de gaitas de Mazaricos.